

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL PONTEVEDRA

#### Outros documentos, notificacións e informacións públicas

*APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE ESTATUTOS E BASES DE ACTUACIÓN DA FUTURA XUNTA DE COMPENSACIÓN DO POLÍGONO DELIMITADO NO SOLO URBANO NON CONSOLIDADO DO PXOU DE PONTEVEDRA, EN CAMPOLONGO, PROMOVIDA POR D. MANUEL MOREIRA GÓMEZ E/R PROMOCIONES PELETE.*

A Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra na sesión que tivo lugar en data 22/12/2014, adoptou o seguinte acordo que, na súa parte dispositiva literalmente, dí:

“(…)Primeiro.—Prestar aprobación, con carácter inicial, ao “Proxecto de estatutos e bases de actuación do polígono delimitado no solo urbano non consolidado do PXOU de Pontevedra, en Campolongo”, rúas de Alfonso X O Sabio, do pintor Rafael Alonso/Fernando II, do pintor Virxilio Blanco, rúa das Perliñas, camiño das Abilleiras e terreos da ONCE, achegado en data 05/08/2014, con entrada no rexistro xeral do Concello baixo o núm. 26257, por don Manuel Moreira Gómez, quen actúa no seu propio nome e e/r da empresa “Promociones Pelete, SL”, representando aos propietarios que superan máis do 50% da superficie do citado ámbito, proxecto que anula e substitúe ao inicialmente achegado en data 24/07/2013, con rexistro de entrada núm. 2013022654.

Segundo.—Dispoñer o sometemento do presente proxecto de estatutos e bases de actuación da futura Xunta de compensación, inicialmente aprobado, a información pública por un prazo de vinte días, mediante a publicación de anuncios no taboleiro de edictos do Concello, na páxina web <http://www.pontevedra.eu>, nun dos xornais de maior circulación da provincia e no Boletín oficial da provincia, publicación esta última dende a que comenzará a computar o referido prazo e con notificación individualizada aos propietarios ou titulares de dereitos de contido patrimonial no polígono afectados polo sistema de actuación, co fin de que, por idéntico prazo, formulen as alegacións pertinentes sobre o proxecto de bases de actuación e dos estatutos, rexeitando calquera outra obxección ou reparo, e soliciten a súa incorporación á Xunta de compensación en constitución.

Lémbrese aos propietarios e titulares de dereitos afectados pola reparcelamento que conleva o sistema de compensación que veñen obrigados a exhibir os títulos que posúan e declarar as situacións xurídicas que coñezan e afecten ás súas fincas, como establece o art. 103.1 do Regulamento de xestión urbanística.(...)”



Durante o amentado prazo de 20 días, calquera interesado poderá examinar o expediente no servizo municipal de urbanismo, medio ambiente e patrimonio histórico, sito na rúa dos Churruchaos nº 2, en horario de atención ao público (8:30 h a 13:30 h)

Pontevedra, 07 de xaneiro de 2015.—O Alcalde, Miguel Anxo Fernández Lores.—O Secretario da Administración Municipal, José Carlos Castiñeira Piñeiro.

